




Concurso de lemas gráficos **contra a** **violencia machista**

Prazo de entrega
ata o luns 22 de novembro



25 de novembro. Día Internacional contra a violencia de xénero

Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)

 @regodetrabe

OBXECTIVOS DO CONCURSO

- Promover a reflexión sobre as violencias machistas a través da ideación de lemas que a denuncien e rexeiten.
- Visibilizar esa reflexión e o rexeitamento a calquera tipo de violencia contra as mulleres a través da exposición deses lemas.
- Fomentar o galego como lingua de uso público común.

TEMÁTICA

- Os lemas creados deberán servir para **visibilizar e rexeitar a violencia de calquera tipo contra as mulleres, o machismo ou os micromachismos**, principalmente na adolescencia. En concreto, para enviar unha mensaxe que incida na reflexión contra a violencia machista (física ou verbal, nas relacións de parella ou fóra delas, acoso, violencia sexual...), rexeitándoa, promovendo a súa denuncia e erradicación, fomentando a eliminación de actitudes machistas, denunciando situacións en que as mulleres poidan ser violentadas, menosprezadas ou pasen medo polo feito de ser mulleres etc.

PARTICIPACIÓN

- A participación poderá ser **individual ou en parellas**.
- Cada alumna/o pode presentar un único traballo.

CATEGORÍAS E PREMIOS

- Habrá tres categorías e un premio por cada categoría, consistente nun **vale de 30 euros** na Fnac. Os premios serán por traballo presentado, non por persoa. As tres categorías son as seguintes:
 - 1º e 2º da ESO.
 - 3º e 4º da ESO.
 - 1º e 2º de Bacharelato e ESA.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

- Deberase presentar un **lema orixinal en galego** de, como **máximo, 10 palabras**, que se ten que **plasmarm graficamente** nun **folio ou cartolina** de tamaño A4 ou A3 (branca ou de cor) con **letras con deseño gráfico** ou caligrafía ilustrada (*lettering*) que poderán ir acompañadas ou non de debuxo ou creatividade acorde co lema.
- O lema debe ocupar a maior parte da creación e débese ver e **ler claramente**.
- A técnica para o deseño gráfico será totalmente libre: manual ou dixital, debuxo con rotuladores ou lápices de cores, acuarelas, colaxe etc.
- Na parte traseira do folio ou cartolina deberase incluír o **nome e apelidos** da(s) persoa(s) autora(s), o **curso e grupo** e unha **breve explicación** do sentido do lema, o que se quere transmitir con el etc.

VALORACIÓN DOS TRABALLOS

- Os traballos serán valorados por un xurado composto por profesorado de diferentes áreas e valorará: orixinalidade e mensaxe do lema, calidade e orixinalidade gráfica e calidade lingüística.
- Todos os traballos que cumpran as bases serán expostos no centro.

PRAZO E FORMA DE ENTREGA

- Os traballos entregaranse no espazo habilitado para tal fin na Biblioteca, tanto na do Rego como na das Mariñas, ata o recreo do **luns 22 de novembro**.



QUERÉMONOS
LIBRES,
VIVAS
E SEN MEDO

SE TE
TRATA MAL,
MALTRÁTATE.